

Resolución núm. 2022/11023

Expediente: 2022/5837M

RESOLUCIÓN

Cesamento de dona María del Carmen Montero da Silva como asesora do Grupo de Democracia Ourenseana en réxime de persoal eventual.

Unha vez visto que o día 21 de abril de 2022 esta Presidencia ditou resolución na que se nomeaba como persoal eventual a dona María del Carmen Montero da Silva coa categoría de Asesora do Grupo Provincial de Democracia Ourenseana.

Unha vez visto o escrito que presenta o portavoz e representante de Democracia Ourenseana o día 6 de outubro de 2022 no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Ourense (núm. anotación 2022041488), no que solicita a baixa de dona María del Carmen Montero da Silva como asesora do Grupo Provincial de Democracia Ourenseana.

Considerando que o artigo 104 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o 176 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local regula ao persoal eventual.

Polo exposto, DISPOÑO:

1.- Declarar o cese de dona María del Carmen Montero da Silva como Asesora do Grupo Provincial de Democracia Ourenseana con efectos do día 6 de outubro de 2022.

2.- A presente resolución será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa inmediata executividade e da súa notificación ao interesado.

Así o dispón e o asina a Presidencia, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.



Asinado electrónicamente por JOSE MANUEL
BALTAR BLANCO
Presidente da Deputación de Ourense
07/10/2022 - 9:44:53

Asinado electrónicamente por
ADAMANTINO BARREIRO GARCIA
Vicesecretario Xeral
07/10/2022 - 10:38:08